

Colaboración especial: artigo de Fermín Bouza

A fin dun mundo? Ese é o título do artigo que o sociólogo , profesor de Ciencias da Información na Universidade Complutense de Madrid, escribiu para Vieiros. Un mundo distinto nace do 11 de setembro. ¿Como será? "Pode ser que sexa a fin de algo, non sei ben de que, quizais da certeza no progreso e na mellora do mundo. E o inicio da desconfianza total".

- 08:14 13/09/2001

A fin dun mundo

Sempre andamos a procurar efemérides e puntos nodais da Historia, quizais para nos cantar mellor nun espacio certo e fitar dende esa certeza para nós mesmos, como Narcisos a converter calquera cousa nunha excepción vivida por nós, suxeitos da historia máis ca ninguén. Non sei exactamente se o mundo vai cambiar logo desto, anque de certo xeito sempre vai cambiando. O que si me parece certo é que estamos diante da *consolidación da tendencia histórica da fin da política e a súa substitución polo terror* nos espazos políticos clásicos dos movementos insurxentes.

As prédicas de Marx, Lenin e demais teóricos da política revolucionaria clásica contra o uso do terror e contra a acción individual non serven para nada diante da desesperación de algúns e das patoloxías sociais e persoais de outros. A consolidación do terror, a perda de forza dos sindicatos e partidos políticos, e todos os fenómenos confluente nese mesmo camiño, marcan a entrada nun duro período no que os que máis ten que gañar son os que máis forza teñen: os poderosos do mundo, loxicamente.

O feito de que o principal sospeitoso (un tal Osama) fose un directo colaborador da CIA e un dos instrumentos centrais da entrada dos talibáns en Cabul, entrada que mandou a ese triste país directamente para a prehistoria (e aínda máis atrás), e ben indicativo da clase de negros labirintos nos que andamos metidos. Polo demais, *a torpeza e a insania das negociacións palestino-israelitas*, sen case nada real que ofrecerlles aos desprazados máis alá unha imposible resignación, reforza *as crenzas mais insás do fundamentalismo islámico* que trata, con éxito, de apoderarse dos movementos laicos e progresistas palestinos, cun Arafat convertido cada vez máis nunha estatua imposible entre un pobo irado que non acada o seu estado sobre bases mínimas, e un estado xudeu que non parece disposto a asegurar o seu futuro nunha paz certa e une a súa sorte á sorte histórica do poder americano máis incerto.

A violencia brutal contra civís, o terror sen máis, ten agora unha compoñente literaria e mediática: o espectáculo das Torres e do Pentágono en labaradas mentres o presidente vai de búnquer en búnquer. A política como terror e espectáculo, crescendo diante de nós.

Irá a máis o control cara a unha liberdade máis dubidosa: ese é o froito do terror, agora e sempre, e os estados non terán máis remedio que formar unha macropolicía con poderes pouco limitados. Ninguén de nós estará moi seguro. Pensándoo ben, pode ser que sexa a fin de algo, non sei ben de que, quizais da certeza no progreso e na mellora do mundo. E o inicio da desconfianza total.

[Fermín Bouza](#), [sociólogo](#).

[Volver ao especial **Terror en U.S.A.**](#)